Concello de Neda
(A Coruña)

Avda. de Algeciras, nº. 34 - 15510 NEDA. - Tfno.: 981.380039 // 981.380222. - Fax: 981.385600 - correo@neda.gal

CERTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Alejandro R. Antelo Martínez, Secretario Xeral deste Concello de NEDA.-

CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno deste concello na súa sesión levada a cabo o día 02/11/2026, co quorum regulamentario, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

6.c) Proposta de aprobación da convocatoria subvencións en concorrencia previstas no Orzamento do exercicio 2026; para adquisición de libros de texto e material complementario, e para axudas para o transporte (Exp. TEDeC 2026/A002/000005 – 2026/A002/000006).- A Xunta de Goberno Local coñece da proposta da Alcaldía que seguidamente se transcribe:

"Como xa ven sendo habitual neste Concello, co fin de para facilitar a igualdade de oportunidades ante o ensino, e poder facer efectivo o dereito de todos á educación; vense propoñendo todos os anos a concesión de axudas para transporte e material escolar.

A tal fin, no orzamento deste exercicio 2026 (cuxo anuncio de aprobación definitiva foi publicado no BOP nº 168 do día 03.09.2026), e en relación a esta cuestión, dotouse o seguinte crédito para estas finalidades:

Aplicación	***Denominación***	***Importe***
326 480.03	Axudas para adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o presente curso académico	6.000,00 €
326 480.03	Axudas para o transporte universitario / FP	

Segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 26.10.2026 aprobáronse as bases reguladoras que van a rexer a convocatoria desta liña de axudas, e que son as mesmas que xa se viñan aplicando en exercicios anteriores, cunhas pequenas modificacións en canto ao límite de ingresos a ter en conta para poder ser beneficiario/a desta axuda e ao feito de incorporar unha nova modalidade de unidade familiar a valorar. Por outra banda, tamén na dita sesión a Xunta de Goberno Local ao aprobar as correspondentes bases, aprobou o seguinte reparto do crédito total asignado:

Aplicación	**Denominación**	**Importe**
326 480.03	Axudas para adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o presente curso académico	4.000,00 €
326 480.03	Axudas para o transporte universitario / FP	2.000,00 €

Visto que nas ditas bases reguladoras establécese que o procedemento para a concesión de subvencións iniciarase de oficio mediante acordo de aprobación da convocatoria e do gasto, adoptado pola Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da existencia de crédito adecuado e suficiente pola Intervención, ordenando o inicio dos trámites do procedemento de concesión.

Tendo en conta o informe sobre a dispoñibilidade de crédito existente nas partidas correspondentes emitido pola intervención municipal, e do que resulta o seguinte:

FIRMADO POR Alejandro Ramón Antelo Martínez (FECHA: 04/11/2026 14:24:00) , Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 05/11/2026 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: v7AVmQnn6QIooLUcxC33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.neda.gal/

Concello de Neda
(A Coruña)

Avda. de Algeciras, nº. 34 - 15510 NEDA. - Tfno.: 981.380039 // 981.380222. - Fax: 981.385600 - correo@neda.gal

Subvención	Denominación	**Axudas para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o presente curso académico**
	Crédito dispoñible	**4.000,00€**
	Partida de imputación	**326 480.03**

Subvención	Denominación	**Axudas para o transporte universitario/FP**
	Crédito dispoñible	**2.000,00€**
	Partida de imputación	**326 480.03**

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas, e de acordo co contido das Bases reguladoras, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a convocatoria das seguintes subvencións municipais, destinadas a financiar gastos asociados ao presente curso académico, e que se inclúen nos cadros seguintes:

a) para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o presente curso académico, de acordo co seguinte detalle:

Subvención	Denominación	**Axudas para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o presente curso académico**
	Crédito dispoñible	**4.000,00€**
	Partida de imputación	**326 480.03**

b) para a concesión de axudas para o transporte universitario/FP, de acordo co seguinte detalle:

Subvención	Denominación	**Axudas para o transporte universitario/FP**
	Crédito dispoñible	**2.000,00€**
	Partida de imputación	**326 480.03**

Segundo. Autorizar un gasto máximo de 4.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 326 480.03 do orzamento municipal do exercicio 2026, destinado a dar cobertura á convocatoria de subvencións en concorrencia para axudas para a adquisición de libros de texto e de material didáctico complementario para o presenta curso académico, segundo as bases reguladoras aprobadas na Xunta de Goberno Local celebrada o día 26.10.2026.

Terceiro. Autorizar un gasto máximo de 2.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 326 480.03 do orzamento municipal do exercicio 2026, destinado a dar cobertura á convocatoria de axudas para o transporte universitario/FP segundo as bases reguladoras aprobadas na Xunta de Goberno Local celebrada o día 26.10.2026.

Cuarto. Ordenar a publicación do acordo de aprobación da convocatoria, así como efectuar as actuacións de publicidade e comunicación que correspondan a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e do Boletín Oficial da Provincia da Coruña, conforme coa normativa aplicable.

Unha vez a BDNS remita esta convocatoria ao boletín oficial da provincia da Coruña, e o dito BOP publique a mesma, comezará a contar o prazo previsto nas bases para a presentación de solicitudes; e que é de vinte días naturais contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOP.

Quinto. Publicar, así mesmo, a convocatoria na sede electrónica e na páxina web do Concello de Neda.

FIRMADO POR Alejandro Ramón Antelo Martínez (FECHA: 04/11/2026 14:24:00) , Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 05/11/2026 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: v7AVmQnn6QIooLUcxC33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.neda.gal/

Concello de Neda
(A Coruña)

Avda. de Algeciras, nº. 34 - 15510 NEDA. - Tfno.: 981.380039 // 981.380222. - Fax: 981.385600 - correo@neda.gal

Sexto. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e aos demais servizos municipais competentes para o seu coñecemento e efectos oportunos."
A Xunta de Goberno Local dáse por informada e, por unanimidade, acorda aprobar a anterior proposta, quedando convertida en acordo nos termos nos que se deixa transcrita.

E para que conste aos efectos pertinentes, e coas reservas que establece o artigo 206 do R.D. 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o R. de O.F. e R.X. das corporacións locais, expido e firmo a presente co visto e prace da Presidencia na Vila de Neda, na data que se indica na sinatura dixital.

V. e pr.
O ALCALDE,

FIRMADO POR Alejandro Ramón Antelo Martínez (FECHA: 04/11/2026 14:24:00) , Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 05/11/2026 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: v7AVmQnn6QIooLUcxC33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.neda.gal/